



PROXECTO DE INNOVACION LINGÜÍSTICA ---PLAN PROXECTA

FÁLAME QUE TE SINTO



INTRODUCCIÓN

Sendo a expresión oral un dos piares fundamentais da educación e unha ferramenta poderosa para o desenvolvemento das persoas, atopamos moi poucos foros onde se poida desenvolver e desfrutar desta práctica .

De aí xorde a idea de crear un espazo e un momento onde o alumnado se poida expresar con palabras, axudados da expresión corporal, dramatización, comunicación non verbal e expresión emocional.

Cremos que pode ser un xeito de activar a nosa lingua galega entrelazada co sentimento que dela xorde.

No CEP Plurilingüe de Riomaioir temos especial interese pola conservación, difusión e promoción das linguas, ás que adicamos moito tempo e esforzos a través de diferentes programas e formación, por iso animámonos a crear este espazo onde todos os alumnos e alumnas da contorna (Vilaboa, Domaio, Moaña, Cangas, Bueu , Marín, Ponte Sampaio... así como todos aqueles que previa divulgación queiran participar) poderán expresarse de forma creativa facendo que a nosa lingua florezca.

CPI Tournal	CEIP Domaio
CEIP A Guía	CEIP Quintela
CEIP Reibón	CEIP Seara
CEIP Abelendo	CEIP A Pedra
CEIP Torre Cela	CEIP Ponte Sampaio
CEP Sequelo	CEIP Carballal
CEIP San Roque	CEIP Montemogos
CEIP Tirán	CEIP Castrillón
CEIP Seixo	CEIP A Carballeira
CEIP a Rúa	CEIP Nazaret
CEIP A Laxe	Os demais que queiran participar previa divulgación

O xeito de falar, o ton empregado, os xestos utilizados... teñen un efecto moi diferente segundo quen os empregue, ata podemos apreciar o cambio nos demais oíntes no xeito de relacionarse con nós. Crea un efecto búmerang, pois existe unha linguaxe mais alá das palabras.

A razón pola que escollemos o galego para desenvolver esta actividade é que, como dicía Castelao, “Se aínda somos galegos, é por obra e gracia do noso idioma”, que por certo se presta a este tipo de prácticas de xeito excepcional pola cantidade de vocabulario tan rico en matices, expresións propias, musicalidade e a sonoridade única que posúe.

Por mor deste momento crítico que estamos a vivir, falando en termos de saúde, o tema de levar a cara cuberta coa máscara resta moita expresividade aos rostros pero esperamos suplilos coas características do idioma. Será interesante propoñer que a gravación que se faga no ámbito familiar de xeito individual veña gravado sen máscara

Consideramos que si a valoración é positiva tendo en conta a situación sanitaria e os inconvintes aos que nos enfrontamos pensamos en darlle continuidade ao evento

OBXECTIVOS

- Asegurar a competencia oral na fala entre o noso alumnado.
- Potenciar a lingua galega de xeito oral.
- Aprender a contar historias de xeito creativo utilizando todos aqueles recursos que se consideren que poden poñer en relevancia a mensaxe e a lingua galega.
- Facer una actividade interescolar.
- Achegar ao alumnado a unha experiencia intercentros diferente das deportivas.
- Poñer en valor a dramatización, expresión corporal e a comunicación non verbal.
- Obter como produto final material audiovisual e difundilos a través da web, canle youtube, redes sociais e todas aquelas plataformas que están ao noso alcance.

ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

O CEP Plurilingüe de Riomaior enviará previamente aos centros interesados na convocatoria, recursos (explicación dun contacontos con exemplos, vídeos titoriais sinxelos elaborados polo noso equipo TIC) para axudar ao profesorado dos centros interesados a desenvolver a actividade. Todo este material tamén estará colgado na páxina web do CEP Plurilingüe de Riomaior <http://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomaior/>

FASES:

O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:

DATA DE INSCRICIÓN : Ata o 26 de febreiro de 2021

A partir do 26 de febreiro enviaremos titoriais e material de axuda para poñer a disposición do alumnado e profesorado. Poderano atopar tamén na nosa web

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomaior/>

1º FASE . A nivel centro de ensino. Cada centro gravará cada actuación e enviaraa por We Transfer ao correo electrónico a cep.riomaior@edu.xunta.es antes do día 1 DE ABRIL.

FASE FINAL. Aqueles centros que o xurado considere finalistas terán que representar a actuación no CEP Plurilingüe de Riomaior. A data será o 13 de maio, en conmemoración das Letras Galegas, sempre que a situación sanitaria o permita e se non é posible, será tamén a través dunha gravación.

BASES

-Poden participar alumnos e alumnas de 3º a 6º de EP. dos colexios de Vilaboa, Domaio, Moaña, Cangas, Bueu , Marín, Pontesampaio, así como todos aqueles que previa divulgación queiran participar

-O tempo máximo de duración do relato será de 5 minutos.

- Os relatos contaránse en galego.

-Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descualificación.

-Os grupos terán un mínimo de tres e máximo de 6 participantes.

-Nas historias valorarase a corrección e riqueza lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista, dicción, dramatización e espontaneidade, a transmisión de emocións, aportación de opinións propias ou ideas para fomentar o deseño dun mundo mellor).

- Poderanse empregar todos aqueles recursos que se consideren necesarios para dar relevancia a historia: música, luz, imaxes, sempre que estea libres de dereitos ou con licenzas creative- commons ou ter permisos

- Os relatos deben ser orixinais e de creación propia.

- O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.

-O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso.

-A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.

PREMIOS POR CATEGORÍAS:

INDIVIDUAL

1º Premio: Smartwatch

2º Premio: Lote de libros doazón da SXPL

3º Premio: Material de debuxo e deseño

GRUPO

1º Premio: actividade para o grupo clase nun parque lúdico

2º Premio: Lote de libros doazón da SXPL

3º Premio: Material de debuxo e deseño

Para todos os/as finalistas

- Diploma acreditativo

INSCRIPCIÓN NO CONCURSO: A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 18 de marzo.

XURADO: O xurado estará formado por 5 membros relacionados coas letras e a dinamización da lingua galega.

COLABORACIÓN:

Raquel Queizás

PATROCINADO POR:

Concello de Vilaboa

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Anpa de Riomaíor

Equipo de Biblioteca

CEP Plurilingüe de Riomaíor

DIVULGACIÓN:

Comunicado aos centros

Comunicado ás familias

Comunicado aos medios, web do centro e redes sociais

Comunicado á consellaría, inspección

Invitación á Conselleira para a entrega de premios

ACLARACIÓN: Temos preparados os carteis anunciadores do concurso e do espectáculo

AVALIACIÓN

Valoración do concurso .

Táboa de rexistro da calidade dos proxectos presentados (Sendo 1 a menos valorada e 5 a máis valorada)

CRITERIO	1	2	3	4	5
Calidade e riqueza léxica dos relatos					

Orixinalidade dos textos					
Corrección e riqueza lingüística					
Carácter construtivo e pedagóxico					
Linguaxe non discriminatoria,					
Linguaxe non sexista,					
Dicción,					
Dramatización e espontaneidade,					
Transmisión de emocións,					
Aportación de opinións propias					
Ideas para fomentar o deseño dun mundo mellor.					
Recursos que se consideren necesarios para dar relevancia a historia: música, luz, imaxes....					
Ter en conta que os textos sexan orixinais e de creación propia.					
A transmisión das emoción a través da linguaxe non verbal					
A transmisión das emocións a través da palabra					
A palabra ben falada, mesturada co sentimento					
Posta en escena					

En canto a **valoración da actividade** valoraranse os seguintes puntos.

Nº de colexios interesados

Nº de colexios participantes

Colaboración dos organismos propostos

Contención do gasto

Repercusión nos medios informativos

Repercusión nos demais centros educativos

Repercusión no noso centro educativo

Nivel acadado no concurso

Petición de repetilo en sucesivas edicións por parte dos órganos e dos colexios participantes
